

Resolución de 23 de abril de 2024 pola que se conceden as axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar ás empresas na súa transición industrial en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, convocadas pola Resolución do 23 de xuño de 2023 (código do procedemento IN854A).

A Resolución do 23 de xuño de 2023 da Axencia Galega de Innovación estableceu as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar ás empresas na súa transición industrial en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento IN854A).

O artigo 5 das bases reguladoras establece os requisitos que deben cumprir as entidades beneficiarias para poder optar ás axudas.

Unha vez revisada a documentación inicial dos expedientes xunto coa documentación achegada tralos requirimentos oportunos, o órgano instrutor formulou proposta de resolución de inadmisión dunha solicitude que non cumpría coas esixencias contidas nas bases reguladoras, conforme ao establecido no artigo 26.5 das bases reguladoras.

As solicitudes que resultaron admitidas foron obxecto do proceso de avaliación segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 28 das bases reguladoras.



A comisión de selección prevista no artigo 27 das bases reguladoras, reuniuse o día 19 de marzo de 2024 e elaborou unha relación por orde decrecente de puntuación das solicitudes que cumpren as condicións administrativas e técnicas para adquirir a condición de beneficiario, con indicación da súa avaliación, o custo subvencionable e a subvención que corresponde ao proxecto global e a cada unha das entidades.

Unha vez realizada a instrución do procedemento, á vista do informe emitido pola comisión de selección e a proposta do órgano instructor,

RESOLVO:

1. Conceder as axudas aos proxectos que figuran no anexo I, por orde decrecente de puntuación.
2. Denegar a axuda aos proxectos que acadaron unha valoración inferior a 73,5 puntos por non dispoñer de crédito suficiente para o seu financiamento e que se relacionan no anexo II.
3. Desestimar as solicitudes que figuran no anexo III por acadar unha puntuación inferior a 60 puntos, de conformidade co disposto no artigo 29.2 das bases reguladoras.
4. Inadmitir a solicitude presentada pola entidade Meifus Industrial S.L. por non presentar a documentación que o artigo 26.2 das bases reguladoras considera non emendable.

As axudas desta convocatoria son susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Feder Galicia 2021-2027, Obxectivo político OP1 «Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e a comunicación, Prioridade 1.A «Transición dixital e intelixente", Obxectivo específico: RSO 1.1. «Desenvolver e



mellorar as capacidades de investigación e innovación e assimilar tecnoloxías avanzadas», Liña de actuación L.A.1.1.3. «Proxectos de I+D+i centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar ás empresas na súa transición industrial en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde.»

As axudas propostas imputaranse ás aplicacións orzamentarias 09.A2.561A.770.0, 09.A2.561A.781.0 e 09.A2.561A.744.0, segundo a natureza da entidade beneficiaria, nas que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada perante o Presidente da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar



ANEXO I

SOLICITUDES CONCEDIDAS

Expediente	Título do proxecto	Acrónimo do proxecto	Nota	NIF	Empresa solicitante	Líder	Orzamento subvencionable	%	Subvención	2024	2025	2026
IN854A 2023/15	PLASTIC2OIL	PLASTIC2OIL	82	B15965643	Tecnología y Reciclaje de Materiales, S.L.	S	4.250.591,71 €	50	2.125.295,86 €	438.189,99 €	1.035.835,99 €	651.269,88 €
IN854A 2023/01	Factory competitiveness and electromobility through innovation and digital transformation plus	FACENDO PLUS	81,2				19.051.501,16 €		9.795.508,11 €	2.707.176,00 €	5.528.723,11 €	1.559.609,00 €
				B50629187	Stellantis España, S.L.	S	8.176.962,91 €	40	3.270.785,16 €	886.275,00 €	1.932.279,00 €	452.231,16 €
				B27794718	Unimate Robótica, S.L.	N	326.041,77 €	60	195.625,06 €	65.683,00 €	75.120,00 €	54.822,06 €
				A72970643	Sfc Solutions Sociedad Anonima	N	301.305,00 €	60	180.783,00 €	35.142,00 €	96.120,00 €	49.521,00 €
				B27763234	Probotec Procesos Industriales, S.L.	N	277.558,25 €	60	166.534,95 €	35.315,00 €	78.706,00 €	52.513,95 €
				B27791599	Itera Tecnica, S.L.	N	274.418,50 €	60	164.651,10 €	42.675,00 €	121.976,10 €	0,00 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	7.180.565,57 €	60	4.308.339,34 €	1.142.039,00 €	2.559.437,00 €	606.863,34 €
				G27719913	Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética Energylab	N	473.594,57 €	60	284.156,74 €	76.997,00 €	151.083,00 €	56.076,74 €
				G36997229	Fundacion Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia Gradient	N	405.301,63 €	60	243.180,98 €	54.434,00 €	125.705,00 €	63.041,98 €
				G36606291	Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste-CT Aimen	N	929.900,98 €	60	557.940,59 €	256.354,00 €	131.845,01 €	169.741,58 €
				Q8650002B	Universidade de Vigo	N	705.851,98 €	60	423.511,19 €	112.262,00 €	256.452,00 €	54.797,19 €



IN854A 2023/04	Nova ruta de fabricación de superestruturas eólicas intelixente, segura e sustentable	RISS	80,3			2.683.162,53 €		1.263.071,76 €	237.772,00 €	654.747,00 €	370.552,76 €	
				B36939049	Gri Towers Galicia, S.L.	S	1.734.128,75 €	40	693.651,50 €	134.838,00 €	358.564,00 €	200.249,50 €
				B15925084	Dalp Ingeniería Y Automatización, S.L.	N	504.201,74 €	60	302.521,04 €	73.063,00 €	138.508,00 €	90.950,04 €
				B32281222	Tecfilter, S.L.	N	444.832,04 €	60	266.899,22 €	29.871,00 €	157.675,00 €	79.353,22 €
IN854A 2023/06	Novas tecnoloxías para xestión intelixente e sustentable de liñas de procesado no sector conserveiro	TECMOPIC	80			2.492.630,50 €		1.246.315,25 €	233.467,00 €	657.138,00 €	355.710,25 €	
				A36608800	Hermasa Canning Technology, S.A.	S	1.745.450,50 €	50	872.725,25 €	169.648,00 €	464.021,00 €	239.056,25 €
				G36625309	Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas y Pescados Anfacó-Cecopesca	N	747.180,00 €	50	373.590,00 €	63.819,00 €	193.117,00 €	116.654,00 €
IN854A 2023/13	Xestión intelixente da cadea loxística de subministracións	SMART SCM	79			7.047.290,34 €		3.077.717,89 €	594.378,00 €	1.617.715,01 €	865.624,88 €	
				B50846807	Benteler Automotive Vigo, S.L.	S	5.753.281,58 €	40	2.301.312,63 €	433.794,00 €	1.223.590,00 €	643.928,63 €
				B94021474	Exla Packaging Solutions, S.L.	N	479.760,90 €	60	287.856,54 €	62.738,00 €	148.799,00 €	76.319,54 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	814.247,86 €	60	488.548,72 €	97.846,00 €	245.326,01 €	145.376,71 €
IN854A 2023/07	Desenvolvemento de tecnoloxías clave para a fabricación intelixente e sustentable de compoñentes para o VEC	eFABIS	76,8			3.416.794,42 €		1.420.735,26 €	402.903,01 €	611.295,00 €	406.537,25 €	
				B61507133	Borgwarner Emissions Systems Spain, S.L.	S	1.962.184,15 €	40	784.873,66 €	291.272,00 €	301.387,00 €	192.214,66 €
				B09700741	Binarial Automocion Y Robotica, S.L.	N	270.087,46 €	60	162.052,48 €	36.274,01 €	78.981,00 €	46.797,47 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	1.184.522,81 €	40	473.809,12 €	75.357,00 €	230.927,00 €	167.525,12 €
IN854A 2023/10	Fabrica intelixente e sustentable mediante	FISTERRA	75,8			2.659.287,76 €		1.595.572,65 €	280.914,00 €	863.690,00 €	450.968,65 €	



	electrónica de potencia avanzada e realidade aumentada											
				B27389667	Norvento Tecnologia, S.L.	S	1.622.835,84 €	60	973.701,50 €	172.070,00 €	560.852,00 €	240.779,50 €
				B27428648	Norvento Ned Factory, S.L.	N	463.792,79 €	60	278.275,67 €	37.701,00 €	115.077,00 €	125.497,67 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	307.941,88 €	60	184.765,13 €	40.269,00 €	100.967,00 €	43.529,13 €
				Q8650002B	Universidade de Vigo	N	264.717,25 €	60	158.830,35 €	30.874,00 €	86.794,00 €	41.162,35 €
IN854A 2023/05	Transformación dixital dos procesos de fabricación e comercialización de madeira técnica, sustentable e con base na intelixencia artificial	FINVALIA	75,5				11.381.613,53 €		2.912.151,61 €	525.518,00 €	1.722.839,01 €	663.794,60 €
				A15005499	Financiera Maderera, S.A.	S	10.274.866,32 €	25	2.568.716,58 €	453.905,00 €	1.555.456,00 €	559.355,58 €
				A28141224	Foresa Industrias Químicas Del Noroeste, S.A.	N	439.265,03 €	25	109.816,26 €	25.228,00 €	53.522,00 €	31.066,26 €
				B15528581	F. Couceiro Seoane, S.L.	N	195.566,93 €	35	68.448,43 €	13.305,00 €	33.360,01 €	21.783,42 €
				B15293293	Vales Coruña, S.L.	N	471.915,25 €	35	165.170,34 €	33.080,00 €	80.501,00 €	51.589,34 €
IN854A 2023/03	Desenvolvemento dunha liña piloto flexible, intelixente e sustentable para o desenvolvemento experimental de novos hidrocoloides naturais	FABRINTYSO	73,5	A36606127	Compañía Española de Algas Marinas, S.A.	S	2.694.482,34 €	20,918	563.631,55 €	79.682,00 €	308.016,88 €	175.932,67 €



ANEXO II

SOLICITUDES DENEGADAS

Expediente	Acrónimo do proxecto	Empresa solicitante	NIF	Causa
IN854A 2023/08	ATIR 2.0	MAGALLANES RENOVABLES SL	B94015963	1
IN854A 2023/02	INSERT+	INICIATIVA SOCIAL EMPREDEDORA DE RECICLAJE TEXTIL DE GALICIA, SL	B70388129	1
IN854A 2023/14	CFA4.0	DCM ASESORES, S.L.	B70160296	1
IN854A 2023/09	PIRO	STRATEGIC MINERALS SPAIN SL	B37512753	1

Causa de denegación	
1	Esgotamento do crédito dispoñible para o seu financiamento.

ANEXO III

SOLICITUDES DESESTIMADAS

Expediente	Acrónimo do proxecto	Empresa solicitante	NIF	Causa
IN854A 2023/12	Consigal 4.0	Abeconsa S.L.	B15157779	1
IN854A 2023/11	Castaña Digi Factory	Alibós Galicia, S.L.	B27347954	1

Causa de desestimación	
1	Non acadar os 60 puntos que esixe o artigo 29.2 da convocatoria.



ANEXO IV

SOLICITUDES INADMITIDAS

Expediente	Acrónimo do proxecto	Empresa solicitante	NIF	Causa
IN854A 2023/16	-	MEIFUS INDUSTRIAL SL	B36491934	1

Causas de inadmisión	
1	Non presentar a documentación que o artigo 26.2 das bases reguladoras considera non emendable.

